



Organiza:

Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono y fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.gal
Www.academiagalegabelasartes.gal

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR CAPACIDADE

Patrocinan:



Real Academia Galega de Belas Artes

CANCIÓN ARTÍSTICA ATLÁNTICA BRITÁNICA E GALEGA

SUSANA DE LORENZO GONZÁLEZ, *soprano*
RUPERT TWINE, *piano*

Martes, 1 de outubro de 2024
Ás 20:00 horas
Salón de Actos da Academia

concerto

SUSANA DE LORENZO GONZÁLEZ, *soprano*

A súa traxectoria defínese pola variedade de repertorio e polo estreno de obras e recuperación de compositores:

Solista coa OSG, Filharmonía de Santiago, O. Sinfónica de Melide, O. de Cámara Galega, O. Gaos, Mondello Quartet, Banda Municipal de A Coruña.

Membro do grupo folk DOA.

Solista da Compañía Lírica de Galicia.

Recupera a vida e obra da compositora compostelana Eugenia Osterberger, xunto con Rosario Martínez e Beatriz López-Suevos.

Soprano no disco "Cantos á Natureza" con Cesáreo Torres e Alejo Amoedo para os poemas de Xosé Neira Vilas musicados por Juan Durán, Margarita Viso, Paulino Pereiro, María Mendoza e Xavier Comesaña.

Estrena "Krista Cristal", audiovisual experimental do autor Jesús SÚ.

Con Alejo Amoedo estrena numerosas pezas de compositores galegos, Con Javier Ares estrena as cancións para voz e piano de Carlos López García-Picos.

Soprano no grupo de cámara "Old Vienna"

Invitada frecuentemente a interpretar repertorio jazzístico.

"Matrocina" ó Trío Laurus cun percorrido polo repertorio sacro.

Dá na Universidade de A Coruña unha serie de Conferencias-Concerto sobre Música e Mitoloxía, co título de "A Música dos Deuses".

Co pianista Rupert Twine aborda, entre outros, un novedoso repertorio de Música inglesa.

Solista do proxecto "Lux Aeterna": concertos en lugares especiais de pétreaa sonoridade, coa participación de Mística Fonticoba e a poesía de Jesús ArtÉxtasis.

Profesora de Latín e Grego.



RUPERT TWINE, *piano*



Licenciado en Música pola Universidade de Edimburgo (Escocia) e L.G.S.M. Licenciado pola "Guildhall School of Music and Drama" como intérprete de pianoforte (grao profesor). Licenciado como Profesor de Piano pola "London College of Music".

Como pianista realizou actuacións en Escocia, país que o viu crecer, gravacións en directo para a emisora BBC Radio 2 e ten ofrecido concertos en varias edicións do Fringe Festival de Edimburgo. Colaborou en discos dos grupos: The Diggers (pop), Dizzy Fingers (Jazz), Gold Rush (American Folk), Luar na Lubre (Folk), "Espiral" Alchemy (Folk Escocés) e Suburban edge (Bluegrass)...

Os avatares da vida levárono a establecer a súa residencia na Coruña onde colaborou coa Orquestra Sinfónica de Galicia en gravacións de bandas sonoras de películas. Acompaña a solistas vocais e instrumentistas españois e estranxeiros, acompañando á soprano Susana de Lorenzo en innumerables ocasións.

O seu estilo de música preferido é o Jazz no que sente verdadeiramente libre. Desde a súa chegada a España traballou, como membro de agrupacións de jazz, con Quique Alvarado, Francisco Rosa, Marcel Chirilov, Guillermo Lancelotti, Nicolai Velikov, Xullo Andrade ...

A súa carreira como compositor, con obras dun estilo moi ecléctico, abarca desde composicións de corte neoclásico até sons contemporáneos nos que predomina unha gran influencia do jazz. Destacan, en particular, as súas obras para coro, que o levaron á obtención de varios premios. A súa pertenza aos Edinburgh University Renaissance Singers marcou a súa formación en técnica vocal e dirección coral.

Foi profesor de piano e harmonía na "Escola de Músicos" da Coruña durante máis de 20 anos, compaxinando este traballo coa súa tarefa de impartir clases de piano na Escola Municipal de Cabanas.

É fundador e director (desde 1998) do coro de cámara "Ludus Tonalis" co que cultivou nestes anos premios, pero, principalmente, boas críticas. Publicaron dous discos nos que destacan os seus arranxos para coro de obras tradicionais dos cancioneros populares de Galicia.

Na actualidade é pianista titular da Blue Devil's Big Band e os Hot Chocolates e director do Coro da Universidade da Coruña desde 2012.